

## CUESTIONARIO DIAGNÓSTICO

### Obxectivo

Diagnosticar o impacto que a pandemia da COVID-19 está a ter sobre os proxectos executados ou en execución financiados entre 2017 e 2020 pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (DXRREE e UE) no marco do vixente IV Plan Director da Cooperación Galega, co fin de poder adaptar os instrumentos de financiamento ao actual contexto e ás posibilidades reais de execución.

### Tratamento e análise dos datos

O tratamento e análise de datos será realizado por Xosé Luís Pastoriza Rozas, asistencia técnica responsable do proceso de elaboración participativa dunha estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega. As respostas a este cuestionario serán tratadas pola asistencia técnica de forma anónima, agregada e individualizada.

Respondendo a este cuestionario:

- 1.- Consinto a participación voluntaria no mesmo.
- 2.- Consinto a destrución dos datos vinculados ao cuestionario unha vez tratados e analizados pola asistencia técnica.
- 3.- Non consinto a súa transferencia nin o seu uso para outros fins distintos dos obxectivos deste diagnóstico.

### Estrutura do cuestionario diagnóstico

O cuestionario estrutúrase en 4 partes.

A primeira parte está centrada nos proxectos executados ou en execución entre 2017 e 2020 financiados pola DXREE e UE e como a pandemia da COVID-19 ten afectado ao seu proceso de xustificación técnica e económica.

A segunda parte céntrase nos principais problemas que están a afectar de forma compartida ás persoas e comunidades beneficiarias por mor do impacto da COVID-19.

A terceira parte solicita unha análise dos problemas e as súas causas e consecuencias relativos ao impacto da COVID-19 na xestión do ciclo do proxecto de cooperación para o desenvolvemento nas súas diversas fases (identificación, deseño e formulación, execución e seguimento, avaliación).

A cuarta parte permite realizar unha suxestión sobre as medidas de apoio ou liñas de acción que debe establecer esta estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega para paliar o impacto da COVID-19 tanto a nivel das persoas e comunidades beneficiarias como da xestión do ciclo do proxecto.

### Data límite e envío

Data límite para o envío: **10 de decembro de 2020**. Unha vez cumprimentado enviar por e-mail a [plandirectorgalicia@outlook.es](mailto:plandirectorgalicia@outlook.es)

A resposta a este cuestionario diagnóstico non ten que ser exhaustiva. A participación dun conxunto diverso e amplo de axentes de cooperación facilitará a creación colectiva dun diagnóstico que será analizado e debatido en común en posteriores fases do proceso. Para

calquera consulta sobre este cuestionario pode dirixirse a: Xosé L. Pastoriza Rozas. Asistencia técnica externa. Tlfno.: 606 252 439; e-mail: [plandirectorgalicia@outlook.es](mailto:plandirectorgalicia@outlook.es)

## PARTE 1: PROCESOS DE XUSTIFICACIÓN TÉCNICA E ECONÓMICA

**Pregunta 1.1.** Como ten afectado a pandemia da COVID-19 aos procesos de xustificación técnica e económica dos proxectos executados ou en execución entre 2017 e 2020 financiados pola DXRREE e UE? Enumere ata un máximo de 10 impactos da COVID-19 nestes procesos de xustificación técnica e económica.

**Pregunta 1.2.** Ten previsto a súa entidade solicitar a curto ou medio prazo algunha reformulación do(s) proxecto(s) financiado (s) e/ou modificación nos prazos de execución dos proxectos financiados actualmente pola DXRREE e UE debido ao impacto da COVID-19? De que tipo e en que ámbito (cooperación, acción humanitaria, educación para a cidadanía global)?

## PARTE 2: PROBLEMAS COMPARTIDOS, CAUSAS E EFECTOS.

*Sendo conscientes da diversidade dos contextos e da singularidade de cada intervención, solicitamos un exercicio de síntese á hora de identificar que problemas están a afectar ás persoas e comunidades beneficiarias. Pode agrupar os problemas por áreas rexionais, ámbito de intervención (cooperación, acción humanitaria, educación para a cidadanía global), poboación beneficiaria, etc.*

**Pregunta 2.1.** Que principais problemas por causa da COVID-19 están a afectar de forma compartida ás persoas e comunidades beneficiarias dos proxectos financiados pola DXRREE e UE entre 2017 e 2020? Enumere ata un máximo 10 problemas comúns así como as súas principais causas e efectos.

## PARTE 3: XESTIÓN DO CICLO DO PROXECTO

**Pregunta 3.1.** Que principais problemas por causa da COVID-19 están a afectar á xestión do ciclo do proxecto nas súas diversas fases (identificación, deseño e formulación, execución, seguimento e avaliación)? Enumere ata un máximo de 10 problemas así como as súas principais causas e efectos. Pode agrupalos por ámbito de intervención (cooperación, acción humanitaria, educación para a cidadanía global).

## PARTE 4: MEDIDAS DE APOIO E LIÑAS DE ACCIÓN

**Pregunta 4.1.** Que medidas de apoio ou liñas de acción debería de establecer a estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega para paliar o impacto da COVID-19 tanto a nivel das persoas e comunidades beneficiarias como da xestión do ciclo do proxecto? Enumere ata un máximo de 10 propostas.